

Dende o 2002, o pagamento de xuros anuais alcanza os 400 millóns

EROSKI PAGA 13 MILLÓNS DE EUROS EN XUROS AOS INVESTIDORES EN ACHEGAS E OBRIGAS SUBORDINADAS

- **O abono aos titulares de Achegas Financeiras Subordinadas (AFS), e o abono aos titulares de Obrigas Subordinadas realizarase o 1 de febreiro**
- **Un investidor que adquirira AFS no 2002 percibiu, en concepto de xuros, un 85% sobre o importe do seu investimento e un 94% se acudiu ao troco por Obrigas Subordinadas**
- **Os xuros para o presente exercicio quedan fixados no 2,487% para as emisións de AFS entre o 2002 e o 2004 e para as Obrigas Subordinadas, e no 1,987% para a emisión de AFS do 2007**

Elorrio, 29 de xaneiro do 2021.- [EROSKI](#) procederá a abonar o luns 1 de febreiro os xuros anuais correspondentes ás Achegas Financeiras Subordinadas (AFS) cunha retribución a un tipo do 2,722% para as emisións do 2002 e do 2004, e do 2,222% para a emisión do 2007. O 1 de febreiro, EROSKI aboará tamén os xuros anuais correspondentes ás Obrigas Subordinadas, retribuídas a un tipo do 2,722%. En total, serán 13 millóns de euros os que EROSKI vai abonar en concepto de xuros aos posuidores dos seus títulos de investimento.

Dende que EROSKI lanzou a súa primeira emisión de AFS no 2002, a cooperativa cumpriu puntualmente co seu compromiso de retribución anual de xuros, abonándolles xa un total de 400 millóns de euros aos seus investidores. A retribución de AFS e de Obrigas Subordinadas, que non está condicionada aos resultados económicos da cooperativa, está referenciada ao Euríbor máis un diferencial de 3 puntos para as emisións de AFS entre o 2002 e o 2004 e para as Obrigas Subordinadas, e un diferencial de 2,5% para a emisión de AFS do 2007.

Contando con este abono, un investidor que adquirira AFS no 2002 percibiu xa un 85% sobre o importe do seu investimento inicial en concepto de xuros e un 94% se acudiu ao troco por Obrigas Subordinadas con vencemento realizado hai un ano. Un investidor con AFS dende o 2004 cobrou xa o 72% en xuros ou o 81% se acudiu ao troco, mentres que o do 2007 ingresou o 48% do valor do seu investimento ou o 57% se acudiu ao troco.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Para o ano 2021, o xuro queda fixado nun tipo do 2,487% (-0,513% + 3% de diferencial) para as emisións de AFS entre o 2002 e o 2004 e para as Obrigas Subordinadas, e do 1,987% (-0,513% + 2,5% de diferencial) para as emisións de AFS do 2007, que se abonarán o vindeiro ano.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)